

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON1210JM	<i>Expediente</i> CON/3/2018	



## ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Obras de accesibilidade en Fontiñas. Orzamentos Participativos 2017 COMPOSTELA DECIDE.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 61.285,00 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Negociado sen publicidade.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 14 de xuño de 2018, ás 13:55 horas.

### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Rafael Peña Vidal.

**Vogais:** D. Manuel Dios, representante do grupo CA.  
Dna. María Corral, representante do grupo PP.  
D. Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de Obras e Proxectos  
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.  
D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

En cumprimento do acordado na anterior reunión desta mesa, deuse audiencia á empresa ALCOMTE GALICIA SL, xa que a súa oferta atopábase en situación de "valores anormais ou desproporcionados". Preséntase agora o informe realizado polo xefe do servizo de Obras e Proxectos de avaliación da documentación xustificativa aportada, na que se propón a súa desestimación, por falta da documentación necesaria.

Da análise do informe de valoración das ofertas finalmente admitidas despréndese que quen acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas, é o licitador 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, polo que esta mesa de contratación, **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Rexeitar a oferta presentada pola empresa ALCOMTE GALICIA SL, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados

**SEGUNDO:** Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requerir ó licitador 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 47.500 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requerimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmentemente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 13:59 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**  
**O PRESIDENTE DA MESA**



**O SECRETARIO DA MESA**

